

2022

Novo programa Educación Viaria

Curso 2022 - 2023

Acompañar ás persoas para incrementar a seguridade e o benestar

**CONCELLO
DE VIGO**



Contido

Alcance do programa e temporalización	2
Alcance	2
Temporalización	2
Primaria	2
Secundaria	2
Outras observacións	2
Introdución.....	3
Cal é o propósito do cambio de programa?	3
Un programa de enfoque completo	4
Características.....	5
Quen pode participar.....	5
A que niveis vai dirixido.....	5
Que metodoloxía se empregará	6
Cales serán os contidos	7
Bibliografía.....	9

Alcance do programa e temporalización

Alcance

O obxectivo que se pretende, é chegar e acompañar á maior poboación escolar posible entre os 10 e os 16 anos, que corresponden cos últimos cursos da etapa de primaria e todos os cursos de secundaria. Existe en Vigo un potencial alumnado de máis de 15.000 nenos e nenas, distribuídos en 686 aulas.

Nivel educativo	Aulas
5º Primaria	123
6º Primaria	123
1º ESO	112
2º ESO	113
3º ESO	108
4º ESO	107
TOTAL	686

Durante o curso escolar 2022/2023, poderase atender a solicitude de 582 aulas, aproximadamente.

Polo tanto, en función dos recursos dispoñibles, tratarase de atender a maior cantidade de solicitudes posibles. En todo caso, atenderanse por rigorosa orde de presentación ata ocupar a programación completa, e unha vez acadada, os demais centros que non acadaron praza, quedarán na reserva para incorporar en caso de anulacións.

Temporalización

O período de solicitude comezará o mes de xuño do curso actual. Aconsellamos solicitar as actividades antes de comezado o curso 2022/2023 para poder xestionar mellor a axenda educativa. O enlace para poder solicitar actividades e o seguinte: https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=808&lang=gal

As actividades desenvolveranse de setembro a xuño.

Primaria e Secundaria terán tempos de actividade diferentes.

Primaria

As clases co alumnado de primaria, 5º e 6º, terán unha duración de 90 minutos nunha única sesión, tal e como se veñen desenvolvendo actualmente. Para poder ofrecer servizo ao máximo de escolas posible, o horario de clases será entre as 9:00 h e as 13:30 horas. Se o horario da entrada do alumnado na escola solicitante é anterior as 9:00 horas, o inicio pode adiantarse á hora que solicite o centro escolar. En todo caso, os recreos tratarán de respectarse o máximo posible.

Secundaria

Nesta etapa o tempo de intervención amplíase. Serán un total de 2 horas de intervención, divididas en dúas sesións de 1 hora cada unha, en días diferentes, da mesma semana ou semanas consecutivas, preferentemente. Serán respectados os horarios de recreo, sempre que sexa posible. Os horarios de comezo, dependerá da hora de inicio marcada polas preferencias do centro escolar ou instituto. En todo caso, a hora de finalización de actividades será ás 13:30 horas.

Outras observacións

Co fin de optimizar os desprazamentos e as citas programadas cada xornada, buscarase combinar os centros e aulas de modo que se poidan atender cos recursos dispoñibles, e ao mesmo tempo, tratarase de adaptalas as preferencias da escola ou instituto solicitante, na medida posible. Calquera modificación será acordada co centro escolar.



Ilustración 1: QR Acceso a trámite de solicitudes

Introdución

A Policía Local de Vigo desenvolve dende fai máis de 20 anos, un programa de educación viaria destinado a diferentes colectivos sociais, co fin de achegar á cidadanía os coñecementos e prácticas que axuden a acadar una maior seguridade nos usos dos espazos públicos da nosa cidade. As actividades educativas véñense desenvolvendo de forma ininterrompida ao longo deste período, coa excepción do parón global provocado pola pandemia do virus SARS-CoV-2, que mantivo illados aos seres humanos durante boa parte do ano 2020 en adiante.

Dende o inicio, moitas e variadas foron as modificacións que, pouco a pouco, foron introducidas nas distintas actividades. Todas elas, coa finalidade de ofrecer un mellor servizo aos participantes. Isto foi posible grazas a permanecer constantemente actualizados, tanto nas dinámicas educativas empregadas, como nos contidos desenvolvidos. A pesares do reducido tempo de intervención co que contamos cos distintos colectivos, hai que ter en conta, que todas as tarefas relacionadas coa educación e as relacións humanas, teñen unha incidencia directa nas vidas dos participantes. Falamos da influenza provocada polo propio contacto en si. **O que se comunica e como se comunica, sempre ten repercusión no pensamento do alumnado.**

Cal é o propósito do cambio de programa?

Os programas de educación viaria constitúen unha das máis importantes oportunidades para provocar unha mellora no cambio de comportamento e unha redución das lesións provocadas nos accidentes de circulación. Neste sentido, a modificación da lexislación educativa, Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, contempla expresamente, a aprendizaxe de materia

relacionada coa educación viaria, cobrando especial relevancia na área de Educación Física, entre outras. Nesta materia, en todos os ciclos de primaria, se tratarán aspectos sobre “Normas de uso”, tanto de peóns como de ciclistas, ademais de tratar todos os aspectos relacionados coa mobilidade de transporte activo. Deste modo, obsérvase a interese que está alcanzando a seguridade viaria na educación reglada.

Pretendemos tamén, **adecuar o programa educativo para basealo nas evidencias científicas** dispoñibles na actualidade, que axudarán a dar sentido aos contidos tratados e tamén, por suposto, á forma de traballalos. Segundo as investigacións realizadas neste ámbito, ao igual que na prevención de consumo de drogas, os programas que poden ter maior efecto serán aqueles que contén con boas prácticas, que sexan parte dun proceso de aprendizaxe a longo prazo, durante toda a vida da persoa, e aqueles que non só transmiten coñecemento, senón tamén habilidades para a vida, é dicir, competencias psicossociais (Assailly, 2015). Así, **a accidentalidade viaria ten máis que ver con compoñentes conductuais, de pensamento e actitudinais, que co coñecemento da norma.** Programas como LifeSkills Training ou DARE de Estados Unidos, adicados á prevención de consumo de drogas e violencia, ou Challenges&Choices de SDERA en Western Australia, adicado á prevención do abuso de drogas e a educación viaria, son un claro exemplo de programas estruturados e adicados a desenvolver no alumnado as capacidades e recursos persoais para evitar os riscos aos que se verán expostos. Todos eles, son programas de longa duración e orientados a incluírse no currículo. Neste caso, polo que respecta ao noso programa educativo, non acada a ambición de conseguir a súa inclusión no currículo nin a extensión dos exemplos citados, senón que pretende adaptarse no seu desenvolvemento ao ámbito e recursos dispoñibles, de modo que os contidos e actividades serán máis reducidos. Deixamos aberta a posibilidade

de que no futuro, baseándose na experiencia que iremos acumulando e na ampliación de recursos, se poida traballar un programa de maior embergadura, conxuntamente con outras institucións e organismos, para lograr un efecto multiplicador dos beneficios desexados.

Un programa de enfoque completo

Os programas relacionados coa saúde, como é a seguridade viaria, teñen maior impacto cando a intervención é global. A investigación suxestiona que **un traballo conxunto de escola, comunidade e pais e nais, consegue resultados máis positivos e duradeiros no alumnado**. Así, ademais das sesións formativas co alumnado, realizaremos un acercamento do programa tanto as escolas como a comunidade de pais e nais. Para estes últimos, confeccionamos diferentes materiais documentais para motivalos a acompañar á rapazada no camiño seguro como peón, e tamén para motivar un cambio no seu propio comportamento viario.




Ilustración 2: Influencia educativa nenos e nenas

Ante o debate continuado sobre a quen ofrecer formación viaria, non queremos caer no reduccionismo de considerar que as actividades destinadas a nenos e nenas, sexan as que maiores resultados provocarán na seguridade do futuro. Máis ao contrario, cremos que involucrar aos adultos e adultas é fundamental. Sabemos que as escolas ofrecen coñecemento, e tamén competencias. Pero isto, no é suficiente. Temos que ter en conta que a maior influencia na conduta e no proceso de

resolución de problemas, está máis relacionado co ambiente familiar que co escolar. E como xa comentamos, os conflitos viarios dependen máis deste último factor.

Así mesmo, sempre que sexa posible, buscarase a coordinación con outros programas educativos complementarios que se desenvolvan nas escolas. En moitos centros, se solicitan e levan a cabo programas relacionados coa educación na prevención de consumo de drogas, adiccións tecnolóxicas, seguridade nas redes, etc. Todas estas actividades, contan con puntos comúns de intervención, xa que hai un compoñente actitudinal e psicosocial que determina a toma de decisións dos nenos, nenas, mozos e mozas. É preciso aportarlles as ferramentas necesarias e as habilidades suficientes para superar os retos aos que se afrontan cada día.

Características

Quen pode participar

Os destinatarios aos que se dirixen as actividades principais, son os e as escolares dos centros educativos da cidade de Vigo, tanto públicos, como concertados e privados. Para poder participar, os centros poderán solicitalo a través do formulario web dispoñible na páxina do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=808&lang=ga), tal e como se ven realizando ata o momento.

As solicitudes realizaranse entre os meses de maio e xuño de cada ano para poder realizar a programación coa maior eficacia posible. Posteriormente, tamén poderán realizarse durante a duración do curso escolar, neste caso suxeitas a dispoñibilidade.

A que niveis vai dirixido

Preténdese acompañar ao alumnado a longo da súa vida escolar. O primeiro curso co que se levarán a cabo intervencións, será 5º de primaria, é dicir, nenos e nenas de 10 e 11 anos.




Ilustración 3: Niveis educativos do programa de educación viaria

Antes desa etapa, tal e como indican diferentes investigadores, resulta fundamental a experiencia vivida, de aí, que a familia sexa un factor clave en

idades temperás. Por este motivo, trataremos de axudar aos cativos e cativas de idades inferiores, con intervencións destinadas ás familias, enfocadas á orientación educativa e facilitando ferramentas útiles para mellorar a seguridade viaria de todos os membros da mesma.

A partires dos 9 ou 10 anos, a maduración permite que os nenos e nenas conten con suficientes recursos para posibilitar o seu desprazamento autónomo polas rúas, iso si, con limitacións, que podemos traballar nas aulas para favorecer que a práctica persoal e a toma de decisións sexa de calidade.

Como foi anteriormente dito, o programa de educación viaria, abarcará todos os niveis educativos a partir de 5º, é dicir, rematando a etapa de educación primaria con 6º, e posteriormente, continuará con actividades destinadas ao público adolescente, dende 1º ata 4º da ESO. A recomendación, é que o centro escolar solicite actividade para todos os cursos de que dispoña e que estean dentro do programa, e dicir, dende 5º de Primaria ata 4º da ESO, xa que os contidos iranse incrementando e adaptando ao proceso de maduración e as necesidades específicas de cada grupo de idade. Así, tratarase de dar unha formación adecuada para tratar os riscos lles afectan, como poden ser:

Principais riscos da mocidade no entorno do tráfico

Infancia media	Adolescencia temperá	Adolescencia tardía
Cursos 5º e 6º de Primaria (10-12 anos)	Cursos 1º e 2º da ESO (12-14 anos)	Cursos 3º e 4º da ESO (14-16 anos)
<ul style="list-style-type: none">• Non empregar ou utilizar mal os cintos de seguridade ou os sistemas de retención homologados• Cruzar ás rúas sen supervisión de adultos• Circular en bicicleta ou outros vehículos de rodas sen empregar o casco	<ul style="list-style-type: none">• Non empregar ou utilizar mal os cintos de seguridade• A influencia dos demais con comportamentos de risco• Circular en bicicleta ou outros vehículos de rodas sen empregar casco• Utilizar o móbil mentres se cruza as estradas	<ul style="list-style-type: none">• Non empregar os cintos de seguridade• A influencia dos demais con comportamentos de risco• Utilizar o móbil mentres se cruza as estradas ou empregan vehículos• Infravalorar os riscos durante a condución e sobre estimar a súa habilidade como condutor ou condutora

Que metodoloxía se empregará

Empregaremos unha metodoloxía centrada no alumnado, con estratexias interactivas para desenvolver o coñecemento útil dos estudantes, as súas habilidades, actitudes, motivación e comportamentos seguros que se agardan na estrada. Serán levadas a cabo en grupo pequeno, para que as actividades poidan ser traballadas entre os propios rapaces e rapazas de forma activa.

O programa promoverá o xogo, a interacción social, a auto consciencia, a reflexión persoal e a exploración do mundo, aspectos con que contan a maioría dos programas máis efectivos xa que, atraen activamente ao alumnado, satisfai a súa curiosidade natural pola aprendizaxe e fomenta o traballo en equipo durante o proceso de aprendizaxe.

Focalizaremos o esforzo nas tarefas que permitan identificar os riscos e como responder de forma segura aos mesmos, xa que o tratamento do risco é un factor clave nos programas educativos de seguridade viaria. Ademais, aportaremos información aos pais, nais ou cuidadores que lles anime a reforzar e practicar as habilidades de seguridade viaria desenvolvidas na aula, no seu caso, en contornas de tráfico real e de forma constante e consciente. Ademais, animaremos ao alumnado para que apoie e inflúa nos compañeiros e compañeiras dun xeito positivo, polo que as estratexias de discusión de pares serán unha parte importante das actividades a desenvolver.

En función do grupo de idade:

Infancia media	Adolescencia temperá	Adolescencia tardía
Cursos 5º e 6º de Primaria (10-12 anos)	Cursos 1º e 2º da ESO (12-14 anos)	Cursos 3º e 4º da ESO (14-16 anos)
<ul style="list-style-type: none"> Nestas idades os nenos e nenas traballan máis co-laborativamente As sesións interactivas son unha clave de efectividade Os programas de educación viaria deben responder as diferenzas de xénero na seguridade viaria Un entorno educativo positivo desafiará o comportamento inseguro e de risco que pode supoñer lesións A intervención de pais e nais é crucial nesta etapa 	<ul style="list-style-type: none"> As técnicas interactivas como conversa guiada por un adulto e a colaboración dos pares é moi útil As actividades ou programas que permiten lograr resultados en varias áreas ao mesmo tempo débese fomentar 	<ul style="list-style-type: none"> Deben incluírse actividades de grupo que se enfoquen nos aspectos éticos que cambien valores na sociedade As actividades que permitan aos estudantes planificar e xestionar tarefas complexas e demostrar a súa iniciativa, creatividade e habilidades para solucionar problemas son moi beneficiosas É necesario un enfoque na revisión e reflexión sobre as decisións e accións tomadas

Cales serán os contidos

Área	Contido	5º e 6º Primaria	1º e 2º ESO	3º e 4º ESO
Seguridade pasaxeiros	Ser pasaxeiro seguro (p.ex. cinto, SRI, porta segura, distraccións)	●		
	Como e por que os vehículos contribuen á seguridade e o perigo	●		
	Como e por que seu propio comportamento como pasaxeiro inflúe na seguridade e os perigos	●		
	Como ser consciente dos beneficios dos comportamentos seguros e dos perigos asociados coa toma de riscos		●	●

Área	Contido	5º e 6º Primaria	1º e 2º ESO	3º e 4º ESO
	Seguridade pasiva dos vehículos			●
Seguridade peón	Vocabulario da rúa	●		
	Habilidades necesarias para manterse seguros	●		
	Escoller o mellor lugar para cruzar con seguridade	●		
	Planificación da ruta segura	●		
	Identificar as persoas que poderían axudarlles a empregar as rúas con máis seguridade	●		
	Explorar estratexias para evitar ou reducir os riscos asociados ao tráfico	●		
	Evitación da toma de riscos como peóns		●	●
	Resistencia á presión de grupo		●	●
Seguridade ciclista e VMP	Necesidade de cambio á mobilidade sostible	●		
	Normas de tráfico e o uso do casco protector	●	●	
	Evitación da toma de riscos como ciclista e usuario de VMP	●	●	●
	Resistencia á presión de grupo		●	●
Seguridade condutor	Relación entre o consumo de alcohol e outras drogas e a seguridade viaria			●
	Causas comúns de accidentes de tráfico da mocidade e como evitalos			●
Participación pais e nais	Modelado e aprendizaxe de condutas seguras en situacións de tráfico reais	●	●	
	Consciencia das limitacións dos nenos e nenas pequenos na contorna do tráfico	●	●	
	Estratexias a trasladar aos fillos e fillas para enfrontarse aos perigos do tráfico	●	●	●
	Practicar e ser un modelo de conducción segura	●	●	●

Bibliografía

As actividades que se levarán a cabo e os contidos principais, son unha adaptación do programa Challenges&Choices¹ de School, Drug Education and Road Aware do Departamento de Educación de Western Australia

Dirección General de Tráfico, *Educación Vial para una movilidad segura y sostenible – Recursos didácticos*. <https://www.dgt.es/conoce-la-dgt/que-hacemos/educacion-vial/>

Assailly, J.P.. (2015). *Road safety education: What works?*. Patient education and counseling. 100 Suppl 1. 10.1016/j.pec.2015.10.017.

Alonso, Francisco & Marín, Adela & Esteban, Cristina & Useche, Sergio. (2020). *Behavioral Health at School: Do Three Competences in Road Safety Education Impact the Protective Road Behaviors of Spanish Children?*. International Journal of Environmental Research and Public Health. 17. 935. 10.3390/ijerph17030935.

Rafferty, Simon & Wundersitz, Lisa. (2011). *The efficacy of road safety education in schools: A review of current approaches*.

Weber, K. et al (2005), *Good practice guide on road safety - Education targeted at young people*

Weston, L. (2018), *Designing road safety interventions for young drivers: the power of peer influence*

¹ Programa adaptado desde 'Challenges and Choices: A Resilience Approach to Road Safety Education' by School Drug Education and Road Aware (SDERA) (<https://www.sdera.wa.edu.au/programs/challenges-and-choices/>). The SDERA program is managed by the Department of Education Western Australia.